

# Propiedades e atributos dos elementos con jQuery

## Sumario

- [1 Manipulando propiedades nos elementos](#)
- [2 Consulta e modificación de valores dos atributos](#)
- [3 Eliminación de atributos](#)
- [4 Miscelánea](#)

## Manipulando propiedades nos elementos

jQuery non dispón dun comando específico para obter ou modificar as propiedades dos elementos. Polo tanto usaremos a notación de JavaScript para acceder ás propiedades e ós seus valores.

A forma máis fácil de inspeccionar ou modificar os compoñentes dos elementos é co método **each()**.

Vexamos o seguinte exemplo:

```
$('.img').each(function(n){
    this.alt='Esta é a imaxe ['+n+'] cun id de '+this.id;
});
```

A instrucción anterior chamará á función para cada elemento que atope no documento, modificando o atributo alt do obxecto e asignándolle o texto correspondente.

De xeito semellante, poderíamos conseguir nun array todos os valores dun atributo específico:

```
var todosAtributos = new Array();
$('.img').each(function(){
    todosAtributos.push(this.alt);
});
```

Si queremos obter o valor dunha propiedade dun elemento en particular, poderíamos facelo así:

```
var valorAlt = $('#imaxe')[0].alt;
```

Traballar con atributos non é tan sinxelo como traballar con propiedades en JavaScript, polo que jQuery proporcionanos asistencia para traballar con eles, vexamos no seguinte apartado como facelo.

## Consulta e modificación de valores dos atributos

O comando **attr()** pode ser empregado para ler ou escribir. A diferenciación virá dada polo número de argumentos que se lle pasan o comando.

**attr(name)**: accede ó atributo do elemento. Exemplo:

```
$("#input").attr("size");
```

**attr(propiedades)**: permítenos establecer valores ós atributos : { attr1: "valor", attr2:valor,... }

Exemplo:

```
$("#img").attr({ src: "/images/hat.gif", title: "jQuery", alt: "jQuery Logo" });
```

**attr(atributo,valor)**: establece un valor para un atributo. Exemplo:

```
$("#img").attr( "alt", "Imaxe de Santiago de Compostela");
```

[Máis información e exemplos sobre comando attr\(\)](#)

## Eliminación de atributos

Para eliminar os atributos dun elemento jQuery proporciona o método **removeAttr()**:

Exemplo:

```
$('.img').removeAttr("alt")
```

Eliminará todos os atributos alt das imaxes do documento.

## Miscelánea

Imaxinade que temos un blog instalado e queremos que todos os hiperenlaces externos que a xente escriba no blog se abran nunha nova ventana do navegador.

Isto podémolo conseguir pondo no atributo target o valor `_blank`:

```
$("a[href^=http://]").attr("target", "_blank");
```

Queremos que cando pulsemos o botón de enviar nun formulario éste quede deshabilitado:

```
$("#form").submit(function() {  
    $("#:submit",this).attr("disabled", "disabled");  
});
```

Este código cando se produza o evento de envío de calquera formulario, deshabilitará o botón submit de dito formulario.

O segundo parámetro **this** no selector, fai referencia ó elemento da páxina para o cal foi asignado o evento **submit()**.

Aquí tedes de novo a táboa de selectores avanzados en jQuery para recordar o que fai `:submit`.

Selector	Descrición
<b>:animated</b>	Selecciona elementos que están baixo o control dunha animación.
<b>:button</b>	Selecciona calqueira botón. Equivaldría ó selector: "input[type=submit],input[type=reset],input[type=button]".
<b>:checkbox</b>	Selecciona elementos de tipo checkbox (input[type=checkbox]).
<b>:checked</b>	Selecciona elementos de tipo checkbox ou radio que estén chequeados (soportado por CSS).
<b>:contains(texto)</b>	Selecciona elementos que conteñan o texto pasado como parámetro. Non serve para buscar contido HTML, soamente buscará texto que sexa visible no documento.
<b>:disabled</b>	Selecciona elementos que estén deshabilitados (soportado por CSS).
<b>:enabled</b>	Selecciona elementos que estén habilitados (soportado por CSS).
<b>:file</b>	Selecciona todos os elementos de tipo file (input[type=file]).
<b>:header</b>	Selecciona soamente elementos que son cabeceiras; por exemplo <h1> ... <h6>
<b>:hidden</b>	Selecciona os elementos que están ocultos.
<b>:image</b>	Selecciona elementos input de tipo imaxe. (input[type=image])
<b>:input</b>	Selecciona elementos do formulario (input, select, textarea, button).
<b>:not(filtro)</b>	Nega o filtro especificado.
<b>:parent</b>	Selecciona soamente elementos que teñen fillos (incluíndo texto), pero non elementos vacíos.
<b>:password</b>	Selecciona elementos de tipo password (input[type=password]).
<b>:radio</b>	Selecciona elementos de tipo radio (input[type=radio]).
<b>:reset</b>	Selecciona botóns de tipo reset (input[type=reset] ou button[type=reset]).
<b>:selected</b>	Selecciona elementos do desplegable que estén seleccionados.
<b>:submit</b>	Selecciona botóns de tipo submit (button[type=submit] ou input[type=submit]).
<b>:text</b>	Selecciona elementos de tipo texto (input[type=text]).
<b>:visible</b>	Selecciona os elementos que están visibles.